

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,  
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN  
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 11.12.2019

Hora: 10:30

A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 11 de decembro de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

### **Punto 1. Comparecencia**

58764 (10/MFSG-000004)

Fiscalía Superior Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria da Fiscalía Superior. Comunidade Autónoma de Galicia. Ano 2018

*Publicación da memoria, BOPG n.º 565, do 20.11.2019*

*Publicación da corrección de erros, BOPG n.º 566, do 22.11.2019*

### **Punto 2. Preguntas orais**

2.1

57814 (10/POC-009087)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a posible publicación dos criterios que segue a Xunta de Galicia para determinar o prezo dos contratos de patrocinio para financiar festivais

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 552, do 23.10.2019*

2.2

58663 (10/POC-009178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os datos referidos á tramitación das denuncias de acoso laboral presentadas desde a entrada en vigor do Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración pública de Galicia, e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 560, do 13.11.2019*

2.3

58802 (10/POC-009201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das discriminacións por razón de sexo que hai no deporte feminino en Galicia, o cumprimento na actualidade da lexislación estatal e autonómica vixente en materia de igualdade e a súa opinión referida á situación que padecen as árbitras de balonmán, así como as actuacións previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 564, do 19.11.2019*

**Punto 3. Proposicións non de lei**

- 3.1 53295 (10/PNC-004245)  
Grupo Parlamentario Mixto  
Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula  
Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia destinadas a incrementar a seguridade mediante o aumento dos recursos humanos dedicados á prevención de calquera tipo de delito de carácter sexual  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 522, do 30.08.2019*
- 3.2 59167 (10/PNC-004711)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis  
Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa antiga escola unitaria de Donís, no concello de Cervantes  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 569, do 27.11.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de decembro de 2019

José Manuel Rey Varela  
Presidente da Comisión

**RELACIÓN DE MEMBROS DE  
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE  
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR  
POR ORDE ALFABÉTICA**

**Mesa**

Presidente	
José Manuel Rey Varela	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

**Vogais**

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Beatriz Mato Otero	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
María Teresa Porritt Lueiro	S
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	GCE
Luis Villares Naveira	M

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

1.1      58764(10/MFSG-000004)

Fiscalía Superior Comunidade Autónoma de Galicia

Memoria da Fiscalía Superior. Comunidade Autónoma de Galicia.  
Ano 2018

*Publicación da memoria, 565, 20.11.2019*

*Publicación da corrección de erros, 566, 22.11.2019*

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019 Hora: 10:30

Orde do día

2. Preguntas orais

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.1      57814(10/POC-009087)

Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda

Santos Queiruga, Carmen e 3 máis

Sobre a posible publicación dos criterios que segue a Xunta de Galicia para determinar o prezo dos contratos de patrocinio para financiar festivais

*Publicación da iniciativa, 552, 23.10.2019*



# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 18:24:15  
Nº Rexistro: 57814  
Data envío: 17/10/2019 18:24:15.927

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Carmen Santos Queiruga, Eva Solla Fernández, Julia Torregrosa Sañudo e Ánxeles Cuña Bóveda**, deputadas do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.<sup>a</sup>

Nos últimos dous anos, vimos asistindo a unha proliferación de contratos de patrocinio formalizados pola Axencia Galega de Turismo e outros organismos, como a Secretaría Xeral para o Deporte ou a Axencia Galega das Industrias Culturais, para financiar distintos festivais. Destes contratos, unicamente os formalizados para a difusión da marca Fest Galicia contan cunha convocatoria previa, con criterios e procedementos preestablecidos e concretan as contraprestacións que deben ofrecer as empresas organizadoras dos festivais. No resto dos supostos non parece existir tal convocatoria previa, polo que unicamente coñecemos os documentos relativos á adxudicación dos contratos. En ningún dos contratos constan os motivos que permitan identificar os criterios de determinación do prezo ou por que os prezos difiren significativamente duns contratos a outros. En xeral, máis alá dunha xenérica alegación dun “dereito de exclusiva”, non figuran nos contratos os criterios que permitan identificar por que os contratistas seleccionados son máis idóneos que outros cuxa actividade é idéntica e que poden ofrecer contrapartidas equivalentes. En outros contratos, nin sequera aparecen contrapartidas para a Xunta de Galicia a cambio do prezo pactado. Dado que o importe de apenas media ducia destes contratos de patrocinio ascende a unha cantidade que supera os 6 millóns de euros en dous anos, entendemos que resulta de interese para a cidadanía e para os sectores

CSM-REXISTROXERAL-08  
Verificación  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentar  
Grupo Común da Esquerda

+ 981 551 584  
[gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal](mailto:gp-grupocomundaesquerda@parlamentodegalicia.gal)

# GRUPO COMÚN DA ESQUERDA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 17/10/2019 18:24:15  
Nº Rexistro: 57814  
Data envío: 17/10/2019 18:24:15.927

empresariais afectados, coñecer os criterios que segue a Xunta de Galicia para adxudicar estes contratos a determinadas empresas.

Por todo o exposto, as deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

- Son públicos estes criterios que segue a Xunta de Galicia para determinar o prezo dos contratos?

Santiago de Compostela, 17 de outubro de 2019.

Asdo.: Carmen Santos Queiruga

Eva Solla Fernández

Julia Torregrosa Sañudo

Deputadas do G.P. Grupo Común da Esquerda

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmen Santos Queiruga na data 17/10/2019 18:22:17**

**Eva Solla Fernández na data 17/10/2019 18:22:26**

**Julia Torregrosa Sañudo na data 17/10/2019 18:22:38**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 17/10/2019 18:22:45**



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.2      58663(10/POC-009178)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre os datos referidos á tramitación das denuncias de acoso laboral presentadas desde a entrada en vigor do Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración pública de Galicia, e as medidas previstas polo Goberno galego ao respecto

*Publicación da iniciativa, 560, 13.11.2019*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 07/11/2019 16:44:39  
Nº Rexistro: 58663  
Data envío: 07/11/2019 16:44:39.877

## Á Mesa do Parlamento

**Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.O Consello da Xunta aprobou o 28 de abril de 2016 o Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na administración da Comunidade Autónoma de Galicia, documento publicado no DOG o 3 de xuño de 2016.

Este protocolo prevé a presentación de denuncias por acoso polas seguintes vías:

- Na secretaría xeral de cada consellaría ou na Secretaría Xeral Técnica ou órgano con competencias en materia de persoal correspondente.
- Comité de intervención, que está composto por oito membros, 4 a proposta do goberno e 4 en representación dos sindicatos.

“Créase o Comité de Intervención, que estará formado por catro representantes da Administración, dous deles pertencentes ao Servizo de Prevención de Riscos Laborais, e catro representantes das organizacións sindicais máis representativas do ámbito afectado por este protocolo, dos cales dous deles serán preferentemente delegados de prevención e, de non selo, deberán ter, en todo caso, coñecementos en

CSM-REXISTROXERALP20S000  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2019 16:44:39**  
**Nº Rexistro: 58663**  
Data envío: 07/11/2019 16:44:39.877

materia de prevención e/ou actuacións en situacións de acoso, procurando que os representantes contén con formación en riscos psicosociais, resolución de conflitos, psicoloxía, mediación ou formación xurídica”.

O feito de dirixir a solicitude a un ou doutro órgano determinará a competencia para levar a cabo a investigación

2. Inicialmente, o texto do protocolo prevía un prazo de un mes para realizar a investigación e presentar o correspondente informe, mais no presente ano foi modificado este aspecto, ampliando o prazo máximo ata os seis meses.

Esta ampliación do prazo está motivada, segundo a información dispoñíbel, polo elevado número de denuncias e a insuficiencia de medios para investigalas. Unhas das causas desta lentitude na tramitación sería a carencia de persoal formado na prevención de riscos e en acoso laboral.

3. Por outra parte, o protocolo non contempla medidas cautelares como a do cambio temporal de posto de traballo mentres se investiga o caso. Debido a esta ausencia de medidas cautelares e á lentitude na tramitación das denuncias, en moitos casos estas acaban na vía xudicial. E tamén en moitos casos derivan en baixas laborais prolongadas que causan perxuizos tanto ás vítimas do acoso como á administración.

4. Por outra parte, o protocolo afecta ao persoal da administración autonómica mais non hai aprobados protocolos específicos para a administración de Xustiza, educación ou sanidade. Nestes casos, segundo a Xunta son as mesas sectoriais específicas quen deben promover a aprobación dos protocolos.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión:





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2019 16:44:39**  
**Nº Rexistro: 58663**  
Data envío: 07/11/2019 16:44:39.877

1. Cantos casos de acoso laboral foron denunciados desde a entrada en vigor do Protocolo para a prevención, a detección, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e cal foi o resultado dos mesmos?
2. Cal foi o resultado destas denuncias e o prazo medio de tramitación e resolución?
3. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para reducir os prazos de resolución das denuncias por acoso?
4. Que medidas prevé adoptar o goberno galego para incrementar a formación especializada en materia de prevención de riscos e acoso laboral así como os medios da administración e do comité de intervención?
5. Ten previsto a Xunta incluír no protocolo a adopción de medidas cautelares como a do cambio temporal do posto de traballo mentres se investiga o caso?
6. Ten previsto o goberno galego trasladar ás mesas sectoriais da administración de xustiza, sanidade e educación unha proposta para a aplicación do protocolo nestes ámbitos?

Santiago de Compostela, 7 de novembro de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**  
**Noa Presas Bergantiños**  
**Olalla Rodil Fernández**  
**Xosé Luis Rivas Cruz**

CSX4 FEXYSTFROXXP-OSY010  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE  
NACIONALISTA  
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 07/11/2019 16:44:39**  
**Nº Registro: 58663**  
Data envío: 07/11/2019 16:44:39.877

**Montserrat Prado Cores**

**Ana Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 07/11/2019 16:43:28**

**María Montserrat Prado Cores na data 07/11/2019 16:43:32**

**Noa Presas Bergantiños na data 07/11/2019 16:43:38**

**Olalla Rodil Fernández na data 07/11/2019 16:43:46**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 07/11/2019 16:43:52**

**Ana Pontón Mondelo na data 07/11/2019 16:43:59**

CSX: FEYJSTFROXPZOSY0ID  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

2.3      58802(10/POC-009201)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 4 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das discriminacións por razón de sexo que hai no deporte feminino en Galicia, o cumprimento na actualidade da lexislación estatal e autonómica vixente en materia de igualdade e a súa opinión referida á situación que padecen as árbitras de balonmán, así como as actuacións previstas ao respecto

*Publicación da iniciativa, 564, 19.11.2019*





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/11/2019 11:45:21  
Nº Rexistro: 58802  
Data envío: 13/11/2019 11:45:21.114

## Á Mesa do Parlamento

**Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, María Teresa Porrirt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Julio Torrado Quintela**, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa reposta **oral en Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A Lei orgánica de igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016) non se cumpren no deporte galego.

Dende hai pouco tempo, é frecuente que os xornais (tamén os deportivos) dediquen parte do seu contido ao deporte practicado por mulleres, sobre todo porque moitos dos últimos “trofeos” veñen da man das deportistas. Non obstante, o mal chamado “deporte feminino” adoce dunha eiva de nacemento, resulta que non hai convenios colectivos sectoriais, polo que as relacións laborais se negocian club a club. O baloncesto galego tivo un convenio colectivo en 2007, mais rematou cando a patronal desapareceu. A única illa dentro desta situación está nun equipo de fútbol sala de Burela onde, en 2018, firmaron un acordo laboral pioneiro. Xa que logo, como sobreviven estas mulleres? Mediante salarios precarios e pagos en especie, como pisos de alugueiro, coches ou dietas. Porque a maioría destas deportistas non teñen contrato laboral e o seu deporte non é profesional, a pesares de que as fichen e lles paguen por facelo. Por outro lado, algunhas árbitras de balonmán aínda teñen limitado o dereito a arbitrar determinadas competicións masculinas e ademais están obrigadas a facer parellas fixas co cal, se unha das compoñentes quedase embarazada, a súa parella de arbitrase (masculina ou feminina) tampouco podería arbitrar o tempo que a primeira estea de baixa.

Este grupo parlamentario pensa que estas prácticas discriminatorias son contrarias ao artigo 14 da Constitución de 1978, que recoñece o dereito á non discriminación tamén por cuestións de sexo. Por iso afirmamos que a Lei orgánica de Igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016) non se cumpren no deporte galego.

Todas as administracións deportivas deberían poñer fin a estas discriminacións coas mulleres deportistas, en flagrante vulneración do dereito fundamental á non discriminación por razón de sexo.

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSM-REXISTROXERAL-685  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/11/2019 11:45:21  
Nº Rexistro: 58802  
Data envío: 13/11/2019 11:45:21.114

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente o Goberno da galego de que, no deporte de mulleres en Galicia, hai discriminacións por razón de sexo?
2. Está a cumprir o Goberno a Lei orgánica de igualdade 3/2007 e a súa homónima lei galega (Texto Refundido de 2016)?
3. Cal é a opinión do Goberno sobre a folga das mulleres deportistas por non teren contrato laboral e non ser o seu deporte profesional?
4. Cal é a opinión do Goberno sobre que algunhas árbitras de balonmán aínda teñan limitado o dereito a arbitrar determinadas competicións masculinas?
5. Cal é a opinión do Goberno sobre que as árbitras de balonmán estean obrigadas a facer parellas fixas, polo que, ante o embarazo dunha delas, a súa parella de arbitrase tampouco pode arbitrar o tempo que a primeira estea de baixa?
6. Que ten pensado facer o Goberno para mudar esta situación?

Pazo do Parlamento, 07 de novembro de 2019

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo  
María Luisa Pierres López  
María Teresa Porritt Lueiro  
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo  
Julio Torrado Quintela  
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 13/11/2019 11:05:50**

**María Luisa Pierres López na data 13/11/2019 11:37:44**

**María Teresa Porritt Lueiro na data 13/11/2019 11:37:58**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/11/2019 11:38:06**

**Julio Torrado Quintela na data 13/11/2019 11:38:16**

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Tlf: 981 551 530 - gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

3.        Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

3.1        53295(10/PNC-004245)

Grupo Parlamentario Mixto

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre as medidas que debe adoptar a Xunta de Galicia  
destinadas a incrementar a seguridade mediante o aumento dos  
recursos humanos dedicados á prevención de calquera tipo de  
delito de carácter sexual

*Publicación da iniciativa, 522, 30.08.2019*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario Mixto**, a iniciativa do seu deputado e voceiro **Luís Villares Naveira** e da súa deputada **Paula Vázquez Verao**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.ª**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Os casos de delitos sexuais están medrando en Galicia. Estes delitos pasaron de 459 a 540, con 56 violacións cometidas no ano 2018, 12 máis que no ano 2017.

Galicia é a sexta Comunidade Autónoma con máis incremento da delincuencia, inda que é a cuarta máis segura no cómputo total.

Os datos do Ministerio do Interior sobre os delitos cometidos no ano 2018 sinalan que houbo 77.969 infraccións penais cometidas, un 5.1% máis ca no 2017 e dous puntos superior á media do Estado.

Por provincias, a única provincia na que diminúen as violacións é a de Lugo, que pasa de 10 no ano 2017 a 5 no ano 2018, porén no resto das provincias medraron. Así na provincia da Coruña pasaron de 16 violacións a 20, en Ourense de 5 a 7 e en Pontevedra de 13 a 24, sendo a provincia na que máis delitos se cometeron deste tipo.

Por outra banda os delitos contra a liberdade e indemnidade sexual restantes tamén se incrementaron en todas as provincias. Entre outros abusos, acoso sexual, prostitución, provocación sexual, pornografía e exhibicionismo. Así, na Coruña aumentaron nun 20.1% , en Lugo un 4.9%, en Ourense un 58.5% e en Pontevedra un 5.9 % , sendo por tanto Ourense a provincia na que máis medraron este tipo de denuncias.





As agresións sexuais con penetración ou violacións no conxunto estatal no ano 2017 pasaron de ser 1387 ata as 1702 no ano 2018, cunha variación porcentual interanual do 22,7% mentres que o resto de delitos contra a liberdade e indemnidade sexual pasaron de 10.305 no ano 2017 a 12.109 no ano 2018. En Galicia, pasaron no caso das violacións de 44 a 56 cunha variación de 27.3% interanual e no resto de delitos contra a indemnidade sexual de 415 a 484 cunha variación do 16.6% interanual.

Este incremento significativo deste tipo de delitos da unha idea cruel da violencia que se segue a exercer contra as mulleres.

Dos delitos ocorridos no ano 2017, que se cometeron a razón de 1.37 diarios, esclarecéronse 354, houbo 253 detidos e investigados e 480 vítimas.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentario Mixto presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Incrementar a seguridade mediante o aumento dos recursos persoais e humanos dedicados á prevención.
2. Poñer á disposición das vítimas todos os medios posibles para facilitar a denuncia de calquera tipo de delito sexual, nomeadamente apps que permitan facer unha denuncia que despois se confirme na comisaría.
3. Incrementar os recursos na prevención destes delitos, mediante a realización de campañas de sensibilización cos delitos de natureza sexual nos centros educativos e nos medios de comunicación de titularidade públicos.
4. Realizar xornadas de formación sobre os delitos de natureza sexual, e a prevención dos mesmos, así como de igualdade, obrigatorias nos centros de traballo dependentes da Xunta.
5. Realizar charlas e obradoiros de formación sobre igualdade, prevención de delitos de natureza sexual e as súas consecuencias en colaboración coas asociacións, concellos e deputacións.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/08/2019 11:54:16**  
**Nº Rexistro: 53295**  
Data envío: 02/08/2019 11:54:16.534

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2019

Asdo.: Luís Villares Naveira  
Deputado e Voceiro do G.P. Mixto  
Paula Vázquez Veroa  
Deputada do G.P. Mixto

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 02/08/2019 11:52:32**

**Paula Vázquez Veroa na data 02/08/2019 11:52:38**

CSV, REGISTRO MIXTO XLL8  
Validado  
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,  
Xustiza e Interior

Día: 11.12.2019                      Hora: 10:30

Orde do día

3.2      59167(10/PNC-004711)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Amigo Díaz, María Encarnación e 7 máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en  
relación coa antiga escola unitaria de Donís, no concello de  
Cervantes

*Publicación da iniciativa, 569, 27.11.2019*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/11/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 59167**  
Data envío: 20/11/2019 18:47:03.347

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, e por iniciativa das deputadas e deputados **Encarna Amigo Díaz, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, Beatriz Mato Otero, María Julia Rodríguez Barreira e José Manuel Rey Varela**, ao abeiro do disposto nos artigos 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en **Comisión Institucional de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

### Exposición de motivos:

O municipio de Cervantes esta situado na parte oriental da provincia de Lugo, conta con 21 parroquias, 93 pequenas aldeas, e a súa actividade principal está vinculada ás actividades agrícolas e gandeiras.

A creación, no ano 2006, da denominada Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses supuxo unha esperanza para o desenvolvemento económico deste municipio pero, pese a todo, na actualidade é o concello coa renda per capita mais baixa de Galicia.

Son múltiples os atractivos históricos e turísticos que atesoura este municipio, desde as diferentes pegadas arqueolóxicas de orixe prerromano (entre eles o castro de Santa María, declarado recentemente como Ben de Interese Cultural), ás pallozas típicas da comarca de Ancares, presentes en moitas aldeas do municipio.

Tamén inclúe unha ampla riqueza natural, propia dun concello emprazado na zona máis montañosa da provincia de Lugo. Nos seus límites atopamos os cumes máis altos desta: O Mustallar (1.975 m), Penalonga (1.890 m), Corno Maldito (1.858 m), Pena Loura (1.821 m) e Tres Bispos (1.793 m) entre outros.

Ademais conta con bosques frondosos cunha boa presenza de árbores autóctonas: carballo, carballo de montaña, aciñeira, tezo, acivro, bidueiro, castiñeiro, cerdeira, freixo, amieiro, salgueiros e chopos ... e así un longo etcétera.

A serra de Ancares esta percorrida por centos de camiños, que comunican rutas e sendas peonís e ciclistas, que suman novos atractivos a un concello que constitúe un espazo ideal para desenvolver todo tipo de actividades de multiaventura, relacionadas cos aspectos naturais, históricos e culturais.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

CSM-REXISTROENNZVTJL56  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Dáse a circunstancia ademais que este municipio conta cunha instalación educativa hoxe fora de uso, a antiga escola unitaria emprazada no lugar de Donís que, coas correspondentes obras de readaptación, podería converterse nun espazo referente para o desenvolvemento deste tipo de actividades vinculadas aos potenciais descritos con anterioridade.

O Grupo Popular considera que a reconversión desta antiga escola nun albergue ou instalación similar contribuiría á dinamización deste concello do interior, e permitirá dar resposta tamén a unha demanda, protagonizada de xeito especial pola xuventude, que reclama espazos de lecer, tempo libre e turismo alternativo en plena natureza.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte Proposición non de Lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a acometer a reconversión da antiga escola unitaria de Donís, no municipio lucense de Cervantes, para convertela nun espazo de actividades especialmente dirixidas á xuventude e vinculadas á natureza, medio ambiente, patrimonio cultural, arqueolóxico e a actividades de lecer, tempo libre e turismo alternativo.”.

Santiago de Compostela 20 de novembro de 2019.

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 20/11/2019 18:43:47**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 20/11/2019 18:43:53**

**Paula Prado Del Río na data 20/11/2019 18:44:23**

**Alberto Pazos Couñago na data 20/11/2019 18:44:53**

**Jacobo Moreira Ferro na data 20/11/2019 18:45:05**

**María Isabel Novo Fariña na data 20/11/2019 18:45:18**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 21/11/2019 09:30:00  
**Nº Rexistro: 59167**  
Data envío: 20/11/2019 18:47:03.347

**Beatriz Mato Otero na data 20/11/2019 18:45:33**

**María Julia Rodriguez Barreira na data 20/11/2019 18:45:52**

**José Manuel Rey Varela na data 20/11/2019 18:46:05**

CSX: REXISTROSN2V7JLS6  
Verificado  
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
[gp-pp@parlamentodegalicia.es](mailto:gp-pp@parlamentodegalicia.es)  
[www.ppdegalicia.com](http://www.ppdegalicia.com)